

**CONVOCATORIA PARA ESTUDANTES DE MOBILIDADE INTERNACIONAL
DE PRAZAS DE ALOXAMENTO DO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

CURSO 2011-2012

**(Aprobada polo Consello de Goberno da USC do 5 de maio de 2011 e
polo Consello Social do 11 de maio de 2011)**

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) recolle nas súas liñas estratéxicas, o desenvolvemento dun plan de internacionalización, mantendo unha aposta decidida polo reforzamento das conexións e os programas de mobilidade e cooperación con outros sistemas universitarios, en especial no contorno europeo e latinoamericano.

Un elemento importante neste obxectivo é facilitarlles aloxamento aos estudantes destes programas de mobilidade.

Por iso, o Consello de Goberno da USC, de acordo co recollido no Título Segundo do Regulamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR), ven de aprobar esta convocatoria de prazas de aloxamento para os estudantes de mobilidade internacional para o curso académico 2011-2012.

1. SOLICITANTES

Poderán solicitar praza de aloxamento no SUR os/as estudantes que participen nos programas de mobilidade internacional, admitidos/as na USC para cursar estudos durante o curso académico 2011-2012.

2. PRAZAS ASIGNADAS

O número total de prazas que se ofertan é de 100.

3. PREZO

O custo total da estancia no curso académico ratearase por meses, debendo aboar mensualmente polo aloxamento en habitación dobre a cantidade de 246 €.

4. SELECCIÓN DE SOLICITANTES

As prazas de aloxamento serán adxudicadas, ata cubrir o total das convocadas, tendo en conta como criterios de selección, o maior tempo de permanencia na USC (curso completo, semestre) dos/das solicitantes, e a data e hora de recepción da solicitude no correo electrónico: mobilidade.sur@usc.es

5. SOLICITUDES E PRAZOS

A. Solicitudes (Doc. 1):

As persoas interesadas deberán cubrir, en todos os seus apartados, o impreso de "Solicitude de prazas de aloxamento" que está publicado na páxina, http://www.usc.es/gl/servizos/sur/convocat_mobilidade.html, e envialo á dirección de correo electrónico mobilidade.sur@usc.es

B. Prazos de presentación:

O prazo de presentación abarca desde o día seguinte á publicación desta convocatoria ata cubrir o total das prazas ofertadas, sendo o 31 de maio de 2011 o último día para poder enviar a solicitude.

6. ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

Tanto aos/ás solicitantes aos/ás que se lles adxudique praza como aos/as que non a teñan, se lles comunicara ao correo electrónico que figure na súa solicitude, confeccionándose unha lista de agarda por orde de preferencia.

Para que os/as admitidos/as confirmen a reserva da praza adxudicada, deberán enviar, unha vez que se lles comunique a admisión, o xustificante de ter feito o ingreso dalgunha das modalidades que figuran no impreso de "Confirmación de reserva da praza de aloxamento adxudicada" (**Doc. 2**).

O ingreso poderá facerse mediante transferencia ou talón bancario, á conta da Universidade de Santiago de Compostela cuxos datos son os seguintes:

Banco: novacaixagalicia
Oficina de Organismos
Rúa Montero Ríos, 7
15706-Santiago de Compostela (A Coruña)
Código internacional de conta bancaria IBAN: ES94 2091 0388 98 3110001172
Código de identificación bancaria (Swift): CAGLESMMXXX

O devandito xustificante deberá enviarse escaneado xunto co impreso de "Confirmación de reserva da praza de aloxamento adxudicada", á dirección de correo, mobilidade.sur@usc.es dentro dos **7 días seguintes á comunicación de admisión**. No caso de non cumprir este trámite entenderase que se renuncia á praza concedida.

7. DEVOLUCIÓN DA FIANZA

A fianza será devolta, previa solicitude, sempre que deixen a habitación nas condicións en que lles foi entregada e non teñan pagos pendentes:

- Ao rematar o período de aloxamento solicitado, sempre que a praza sexa ocupada durante todo ese tempo.
- Se por Imposibilidade sobrevida para ocupar a praza por razóns non imputables ao residente, que deberá xustificar documentalmente, renuncia á praza por escrito.

8. PAGO DO ALOXAMENTO

Unha vez aloxados no Servizo Universitario de Residencias, o pago pendente que se realice mes a mes poderá efectuarse,

- En novacaixagalicia na mesma conta que figura no punto 6 desta convocatoria.
- Nos propios centros a través dos terminais punto de venta (TPV)

Os impresos para poder facer os pagos atópanse dispoñibles nos centros do SUR e no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado.

9. DURACIÓN DA ESTADÍA

Os centros do SUR pecharán nos períodos en que non existan actividades docentes ou exames. A Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua resolverá o aloxamento dos/das residentes/colexiais que, previa xustificación, necesiten permanecer nel. En todo caso, os/as residentes/colexiais teñen que abandonar o centro ao día seguinte do último exame da convocatoria de xuño do curso académico.

10. OUTRAS DISPOSICIÓNS

1. A ocupación dunha praza no SUR **implica:**

a) A aceptación das normas que o rexen: as recollidas nesta convocatoria, as que figuran no regulamento do SUR, as do regulamento de réxime interno do centro, e as normas ditadas por cada dirección

b) A obriga de ocupar a praza adxudicada durante todo o período solicitado.

2. Os/as residentes que aboan por meses o custo do aloxamento, **deberán facelo nos 6 primeiros días de cada mes**, senón terá como consecuencia, ademais do establecido no art. 9 do regulamento do SUR, a posibilidade de suspensión da prestación dos servizos.

3. Cando as necesidades do servizo o requiran, poderá procederse á agrupación de cuartos dentro do mesmo centro.

4. A Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua resolverá as dúbidas que poidan xurdir na aplicación da presente convocatoria a través do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudantil - Campus Vida e da Vicexerencia do Campus de Lugo (Edificio Biblioteca Intercentros, Campus Universitario).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén contado desde o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

Santiago de Compostela a 12 de maio de 2011

O VICERREITOR DE ESTUDANTES E FORMACIÓN CONTÍNUA

(P.D., R.R. de 9 de xullo de 2010, DOG do 6 de agosto)



Francisco R. Durán Villa